



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 08/11/2008.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. José Romero Ledo.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día oito de novembro de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración dunha sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iniciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dez de outubro do presente ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación.

**SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN, NO SEU CASO, DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.**

Dase conta do contido dun acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do pasado día 1 de outubro, de autorizar un gasto plurianual, para os exercicios 2008-2009, por un importe total de 124.236 euros para financiar a construción dun ximnasio municipal, dos que corresponderían ó exercicio 2009 104.236 €.

Dase conta do contido doutro acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do pasado día 1 de outubro, de aprobar o proxecto redactado polo enxeñeiro Marcelino López Méndez, para a realización das obras de "Acondicionamento do local social de Bardaos e do entorno do centro cultural de Lamas", cun presuposto de execución por contrata de 228.229,90 €, para a sinatura dun convenio de colaboración que contará cunha aportación de 200.000 € por parte da Deputación Provincial da Coruña.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Dase conta do contido doutro acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do pasado día 13 de outubro, de aceptación por parte deste Concello da cesión de dous tramos de estradas autonómicas, o comprendido entre os puntos quilométricos 45+180 e 45+450 da AC 861 e o comprendido entre os p.q. 17+090 e 17+250 da AC 862, en cumprimento do solicitado pola Dirección Xeral de Obras Públicas, da Consellería de Política Territorial.

Dase conta do contido doutro acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do pasado día 21 de outubro, aprobando o informe redactado polos técnicos municipais en relación co proxecto do Plan director de estradas de Galicia, ordeando a remisión do mesmo, á Dirección Xeral de Obras Públicas.

Dase conta do contido doutro acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do pasado día 21 de outubro, aprobando convenio a asinar coa Asociación Galega da Froita autóctona (AGFA) do Eume, entidade sen ánimo de lucro que traballa polo mantemento e recuperación de especies arbóreas froiteiras de carácter tradicional nesta zona, para colaborar na instalación dunha horta de conservación e demostración das froiteiras autóctonas das comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal. O terreo que se utilizaría para esta horta, dunha superficie de 10.041 m<sup>2</sup>, sería unha parte da finca de titularidade municipal denominada "Cortiña", xa deslindada pola arquitecta municipal, cuxo uso cedería o Concello durante un prazo de trinta anos para a expresada finalidade.

Dase conta finalmente do contido doutro acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do pasado día 3 de novembro, aprobando as bases para a provisión dunha praza de auxiliar de axuda no fogar, persoal laboral temporal a tempo parcial.

A Corporación queda enterada e conforme co contido destes acordos.

O Sr. Bedoya interven para dicir que non dispón dunha copia do convenio relativo á instalación da horta froiteira. O Sr. Alcalde di que se lle entregará unha copia ó remate desta sesión, e que o terreo cedido non é edificable, por estar en zona inundable. O Sr. Bedoya cuestiona a urxencia do asunto, indicando que sería mellor agardar á aprobación do Plan Xeral e preparar mellor o tema, prantexando as súas dúbidas sobre outros posibles usos da finca no futuro e preguntando tamén quen correrá cos gastos de mantemento desta actividade. O Sr. Alcalde resposta que esas previsións están contidas no convenio xa asinado, e que soamente se trata dunha cesión de uso do terreo, que non é utilizable para outros fins por formar parte o río Xubia da Red Natura. Menciona tamén a existencia en Bélxica de experiencias como esta, que están dando bos resultados e funcionando aínda como atractivo turístico.

### TERCEIRO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, do expediente de modificación de créditos nº 02/2008, de suplemento de crédito con cargo ó remanente de tesoureiría para gastos xerais, segundo establece a base 11ª de execución do Orzamento municipal de 2008, dada a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que o crédito consignado no vixente Presuposto é insuficiente e non ampliable, dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, e en base á proposta formulada pola Alcaldía. Obran no expediente informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria e informe favorable de Intervención sobre a proposta da Alcaldía.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación



ordinaria e por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Bedoya toma a palabra para protestar precisamente polo feito de que non se convocara previamente unha comisión informativa que considera preceptiva para a aprobación desta modificación de crédito, e pola falla de información suficiente á oposición.

O Sr. Alcalde di que non se considerou necesaria a convocatoria dunha comisión informativa, por tratarse dunha modificación sinxela e de detalle, e que non era esa a actitude do Sr. Bedoya en relación coas comisións informativas cando gobernaba.

O Sr. Bedoya interven de novo para dicir que a insuficiencia dos créditos do Orzamento para atender o gasto corrente xa foi advertida polo seu grupo cando foi aprobado co seu voto contrario, motivado en parte por esta mala previsión. Di tamén que non se poden improvisar gastos sen financiación, como ocorrera co campamento de verán, e pide ó grupo de goberno que se fixe máis para o próximo orzamento.

O Sr. Soto toma a palabra para dicir que o plan de saneamento financeiro actualmente vixente e que limita o incremento do gasto corrente foi aprobado polo goberno do Sr. Bedoya, e defende o programa da aldea de verán, indicando que non é posible unha previsión tan detallada que o recolla absolutamente todo, e que tratouse dunha actividade programada despois da aprobación do orzamento.

O Sr. Bedoya di que se non hai cartos, non se poden gastar, sobre todo os cartos públicos, e que se veñen contratando moitos servizos externos para facer cousas que antes facía o persoal do Concello, polo que se incrementou moito o gasto.

O Sr. Alcalde di que o PP obtivo no 2007 un crédito para a campaña electoral, que agora estamos pagando, e que a pesares dalgunhas baixas de ingresos, como os 30.000 € da limpeza do colexio que tiña que asumir a Xunta, retrasados por trámites burocráticos, este foi o primeiro presuposto redactado por políticos, asumindo riscos. Di tamén que non é certo, como algúns din nos bares, que o Concello estea nunha situación económica apurada nin que se deixaran de pagar facturas, e que facer modificacións de crédito é o normal nos concellos, e tamén se facía aquí co PP. O Sr. Bedoya puntualiza que antes soamente se facía con ingresos superiores ós presupostados e o Sr. Alcalde di que tamén agora hai maiores ingresos, como os do convenio a asinar coa Deputación, aínda que finalmente non se executará este ano.

O Sr. Bedoya responde que o PP non gastou o crédito que pedira, e que o BNG poido devolver os cartos cando accedeu ó goberno, insiste en que mentres co seu goberno se rectificaba o orzamento soamente para reflectir maiores ingresos, agora se fai para legalizar maiores gastos, e que o traballo político do orzamento actual limitouse a lixeiras modificacións sobre o do exercicio anterior, e remata repetindo a súa demanda de que se convoquen as necesarias comisións informativas antes de adoptar estes acordos, xa que en caso contrario o reclamará no ámbito que proceda.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, o Pleno, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 02/2008, na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

GASTOS	Consignación	Aumentos por	Consignación
--------	--------------	--------------	--------------



	anterior	suplemento	resultante
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>			
Cap. 1- Gastos de persoal	824 000		824 000
Cap 2- Gastos en bens correntes e de servizos	695 500	90.000	785 500
Cap. 3- Gastos financeiros	16 000		16 000
Cap. 4- Transferencias correntes	50 000		50 000
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>			
Cap. 6- Investimentos reais	927 500		927 500
Cap. 7- Transferencias de capital	20 000		20 000
Cap. 9- Pasivos financeiros	4 000		4 000
<b>TOTAL</b>	<b>2 537 000</b>		<b>2 627 000</b>

SEGUNDO. Ordear a exposición deste expediente ó público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións diante do Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

URXENCIA. Antes de pasar ó cuarto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o Sr. Alcalde, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: a designación do representante do Concello no Consello Escolar, solicitada pola dirección do CPI local con posterioridade á convocatoria deste Pleno.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión do asunto de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, con cinco abstencións, dos concelleiros do PP, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

#### URXENCIA-PRIMEIRO.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE SAN SADURNIÑO.

O Sr. Alcalde formula a proposta de que sexa o concelleiro Sr. Márquez, responsable da área correspondente, quen represente ó Concello no Consello Escolar. O Sr. Bedoya resposta que o seu grupo vaise abster na votación, porque a pesar do compromiso adquirido oportunamente, aínda non recibiron información algunha sobre os asuntos tratados no Consello Escolar.

Seguidamente, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, con cinco abstencións, dos concelleiros do PP, acorda designar como representante deste Concello no Consello escolar do Centro Público integrado de San Sadurniño ó concelleiro D. Fernando Márquez Hermida, e ordear a comunicación do contido deste acordo ó centro en cuestión coa brevidade posible.



Toma a palabra de seguido o Sr. Alcalde para propoñer a inclusión doutro punto urxente na orde do Día da presente sesión: unha declaración institucional contra a violencia de xénero, con motivo da celebración, o 25 de novembro, do seu día internacional.

O Sr. Bedoya di que o seu grupo, como non podía ser doutro xeito, apoiará esta declaración, lamentando que a pesares das medidas que se veñen adoptando, as agresións non deixan de aumentar, polo que todo o que se faga neste campo será ben recibido sempre.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión do asunto de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

## URXENCIA. SEGUNDO. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A concelleira Sra. Muíño le o contido da declaración, que literalmente di:

"O 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, ten que ser unha data de compromiso dos gobernos, do conxunto de organización sociais e da cidadanía en xeral para a sensibilización e a actuación respecto do grave problema que constitúe a violencia machista.

É pois, unha data para a denuncia activa de toda a sociedade en contra da violencia que se exerce contra as mulleres en razón do seu xénero.

Todas, todos podemos facer algo contra a violencia machista.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero, os recursos creados para atender as mulleres en situación de violencia de xénero, as campañas de sensibilización e os pasos que se deron para avanzar na consolidación dos dereitos das mulleres son necesarios para loitar contra este fenómeno, mais é necesario facer máis e concretar as liñas de acción práctica para optimizar o seu uso e achegalos con maior eficacia ás mulleres.

Por outro lado, a prioridade das accións políticas que se dirixen á atención das mulleres que padecen violencia machista é tal que non deben verse influídas por coxunturas económicas, antes ben, poñen en evidencia a necesidade de atender con maior eficacia á hora de prestar os recursos, aínda en momentos de crise.

O papel que temos os concellos é fundamental, coma organismo máis próximo á cidadanía, e prestadores dos servizos sociais de base. Debemos garantir a atención e o acceso aos recursos ás mulleres en situación de violencia machista, e incidir na prevención como forma máis eficaz de intervención. Así debemos constituírnos en modelo para todas as veciñas e veciños na actuación eficaz e posta en marcha de políticas de intervención reais, que sexan eficaces á hora de mentalizar na prevención da violencia e actuar coordinada e axilmente ante situacións deste tipo.

Este compromiso é fundamental á vista das cifras de denuncias realizadas e cifras de casos concretos de violencia que en moitas ocasións acaban coa vida das mulleres a mans das súas parellas ou exparellas.

É necesario implicar ó conxunto da cidadanía, trasladarle a información actualizada, e corresponsabilizar os axentes sociais para que poidan intervir directamente sobre os casos que se puideran dar, porque tratándose dun problema de carácter social, imbricado nos valores sociais existentes e cun carácter estrutural, que ten as orixes na relación de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, precisa de medidas artelladas dende a propia sociedade.

Temos que constituir unha sociedade onde o centro sexan as persoas, sen distinción de sexo, e igualitaria.

É por iso que cómpre a implicación de todas as administracións, destacando o papel que deben xogar as municipais, no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación. E somos tamén os concellos quen podemos e debemos artellar mecanismos de responsabilización e implicación de toda a cidadanía para acabar coa violencia machista.

Por todo isto a corporación municipal declara o seu firme compromiso de:

- Mellorar a efectividade das accións contra a violencia de xénero a través da creación de protocolos de actuación que incorporen os recursos sanitarios, sociais, educativos e de seguridade, que teñen como finalidade axilizar o acceso á atención e aos recursos para as mulleres que padecen a violencia machista. Estes protocolos comprenden dous niveis:

- un comarcal xa en proceso de elaboración a través de mesas de traballo,  
- e un segundo nivel, non menos importante, que é a elaboración do protocolo local de actuación, adaptado á realidade municipal.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Desenvolver accións de carácter educativo e de sensibilización, coa intención de previr a desigualdade e a violencia machista. Destacando a importancia destas accións, pois a mellor intervención, sen dúbida, é a que non chega a ser necesaria.

Xa para rematar retomar a frase de que todas, e todos podemos facer algo contra a violencia machista. Que este concello asume os compromisos que acabo de citar, e que para anticiparme non se trata solo dunha declaración en atención a unha data, pois estas accións xa se están a materializar. Por outra banda me gustaría recordar que totalas accións que inciden na educación en igualdade teñen como obxectivo previr o desenvolvemente de relación desigualitarias e asemade da violencia machista, polo que non son esforzos valdeiros. Tamén remarcar que non é unha problemática que nos toque de lonxe, que sí se trata dun problema privado e que debemos informar adecuadamente e trasladar o noso respaldo incondicional ás mulleres vítimas desta situación."

A Corporación, por unanimidade, manifesta o seu apoio ó contido desta declaración institucional.

#### CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comeza o Sr. Bedoya formulando de novo unha pregunta xa prantexada con anterioridade: cando se vai facilitar algunha información sobre a redacción do Plan Xeral, tras a recente aprobación pola Xunta de Goberno doutra factura de Eptisa. O Sr. Alcalde responde que estanse a facer algunhas correccións no documento e que debe coordinarse o seu contido coa planificación correspondente ó polígono industrial, que tamén está en fase de redacción; a partires dese momento se facilitará a información oportuna.

O Sr. Bedoya pregunta de seguido pola alineación do edificio do futuro centro de día, agora en construción, xa que lle preocupa a súa distancia respecto á pista que vai a Cornide, precisamente pola posibilidade de que o acceso ó polígono industrial se faga por esa pista. O Sr. Alcalde responde que o edificio cumpre con todas as normas esixibles e que non existe aínda previsión algunha sobre o acceso ó que se refire o Sr. Bedoya.

Inquire de seguido o Sr. Bedoya se o Concello está enterado e vai participar no plan de parques infantís convocado pola Deputación. O Sr. Alcalde di que o grupo de goberno, das mesmas forzas políticas que gobernan na Deputación, xa coñecía esa información, e que efectivamente está previsto solicitar a participación nese plan.

O Sr. Bedoya interven de novo para solicitar información sobre as retribucións dalgunhas novas prazas de persoal laboral, as de axente de igualdade, axente de emprego e educador familiar, para poder avaliar o traballo que están a realizar. O Sr. Alcalde indica que a primeira desas prazas está íntegramente financiada pola Xunta no marco da contratación de desempregados, mentres que as outras dúas teñen unha retribución mensual aproximada duns 1.200 € no caso da educadora familiar e uns 1.400 no do axente de emprego, clarexando que ambas dúas son prazas cofinanciadas e que o Concello está participando en convocatorias de subvencións estatais por primeira vez polo traballo destas persoas.

O Sr. Bedoya pregunta tamén pola subvención solicitada para unha escola obradoiro e polos estudos externos xa pagados para ese proxecto, e o Sr. Alcalde di que as resolucións sobre esas axudas aínda están saíndo estes días.

Pregunta igualmente o Sr. Bedoya cando se iniciarán as obras de reforma de antigas escolas unitarias para vivendas de aluguer, xa que hai tempo que foi acordada a cesión deses edificios. O Sr. Alcalde di que o retraso ven dado polos trámites burocráticos necesarios e que recentemente remitiuse novamente á Xunta documentación para incorporar a ese expediente.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

De seguido consulta o mesmo Sr. Bedoya se o Concello comezou xa a cobrar a auga do presente ano 2008, e o Sr. Alcalde explica que neste momento está rematando o cobro do 2007.

A seguinte interrogación do Sr. Bedoya refírese ó diámetro dos tubos a empregar nas obras de canalización de augas que se van realizar na zona da praza Duques da Conquista, respondendo o Concelleiro de obras, Sr. López Gudín que eses detalles veñen determinados polo técnico no necesario proxecto, e que unha parte da corrente de que se trata non estaba canalizada ata agora.

Pregunta finalmente o Sr. Gudín ó Concelleiro de servizos, Sr. Márquez, polo contrato de mantemento de zonas verdes do Concello, xa que unha delas foi limpada por traballadores contratados polo Concello. O Sr. Márquez resposta que o espazo de que se trata non está incluído no contrato por estar considerado como unha instalación deportiva e non como zona verde.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vintecatro minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,